

# CREPÚSCULO DE TOQUIO

Yasujiro Ozu, 1956

# 1225

ESTREA EN NUMAX: 16.01.2024 | V.O.S.E. | 140 min

Dúas irmás viven con seu pai, abandonado pola súa muller. A máis nova tivo unha aventura e quedou embarazada, a maior abandonou o seu marido e volveu co seu fillo á casa paterna. Cando de súpeto reaparece a súa nai, o seu estupor non terá límites.

«Un melodrama sombrío e turbulento que acada fondura filosófica grazas á sabedoría do seu director»

Richard Brody, THE NEW YORKER



# CREPÚSCULO DE TOQUIO

Yasujiro Ozu, 1956

# 1225

ESTREA EN NUMAX: 16.01.2024 | V.O.S.E. | 140 min

Dúas irmás viven con seu pai, abandonado pola súa muller. A máis nova tivo unha aventura e quedou embarazada, a maior abandonou o seu marido e volveu co seu fillo á casa paterna. Cando de súpeto reaparece a súa nai, o seu estupor non terá límites.

«Un melodrama sombrío e turbulento que acada fondura filosófica grazas á sabedoría do seu director»

Richard Brody, THE NEW YORKER



# CREPÚSCULO DE TOQUIO

Yasujiro Ozu, 1956

EUROPA  
CINEMAS  
Creative Europe MEDIA

# CREPÚSCULO DE TOQUIO

Yasujiro Ozu, 1956

EUROPA  
CINEMAS  
Creative Europe MEDIA

## Multitudes

*Por Pablo García Canga*

É un tren. A xanela dun tren. Está húmida. Se cadra empañada. Aí arriba vense as maletas. Máis embaixo, un home e unha muller. Detrás, dous rostros máis. Apenas os enxergamos. O home vai mirando algo que está á altura dos seus xeonllos. Podería estar a ler. Ou se cadra ten a ollada pedida. A muller ten a testa volta e mira cara a fóra. Cara ao andén. Se cadra ve alguén alí afora. Se cadra non ve a ninguén. Se cadra ve unha ausencia. Se cadra agarda que alguén chegue. Si, iso é, agarda alguén. Alguén que veña despedirse dela. Alguén que lle veña dicir unha última palabra. A vela e ser vista por derradeira vez. Agarda a alguén que non vai vir. Iso sentímolo desde o comezo. Podemos, se queremos, agardar con ela, pero este é un filme no que non suceden esas cousas. Os personaxes nunca chegan a tempo. As esperas son sempre en van. Ela sabe que vive nun mundo así, un mundo no que non paga a pena agardar, pero agora, neste momento, non quere sabelo. Hai días así. Días para agardar que a vida e o mundo non sexan como sempre foron. Días para ser xenerosa e darlle ao mundo a ocasión de enmendarse. Aínda que logo o mundo non saiba ver iso, esa xenerosidade. Aínda que, unha vez máis, non se enmende. Tanto ten. Hai días que importa dar ocasión para a milagre, aínda que esta non suceda. Se a milagre vén, que nos pille agardádoa, non sexa que veña e non a vexamos. Así que ela agarda. Óese a voz da megafonía. Óense os berros de última hora. Tamén as frases do home que acompaña a muller. Frases sobre frío e mantas. Frases. Tamén lle di á muller que non vai vir ninguén. Óese, ademais, o canto duns mozos uniformados que se cadra son estudantes. Óese sen cesar o seu canto. É a música da escena. É como outra película pasando ao carón. Unha película que non ten nada que ver. Unha película de mozos en excursión. Daquela decatámos de que neste filme sempre se oen cousas así. Músicas lonxanas. Músicas doutras vidas. Frases soltas que falan de cousas como o tempo que fai, atopar casa ou o sake derramado. Tamén están as campañas das portas, que sempre soan igual. Pase o que pase. Veña quen veña. Marche quen marche. Si, de súpeto sentimos que sempre hai iso: voces, frases, cantos, campañas. Son como contrapuntos. Son outras vidas que suceden. Outras vidas sendo vividas aí, ao carón desas vidas ás que nós acompañamos. Outras vidas que, vistas xunto ao drama son, ou parecen ser, do máis cotián. Soan como unha banalidade que existe en paralelo cos intres máis duros ou máis tristes dos personaxes. A miúdo pasa iso nos filmes: uns sofren e outros seguen a vivir ao seu carón sen saber nada deses sufrimento. É algo que non é raro nos filmes. É algo que miúdo temos visto. Antes desta espera no tren, antes deste canto e destas campañas, houbo outros intres nos que a dor rimaba coa nada e coa indiferenza. Houbo un nun salón de mahjong fumengante e ruído. Ouvimos a muller que agora está no tren berrar: “Tanako! Tanako!”. Berrábao desgarrada. Ese mesmo nome retomábao un dos xogadores de mahjong, engadindo unha rima parva. Aí sentimos como pode a veces doer unha rima.

Publicado en *Ozu. Multitudes*, Pablo García Canga (Athenaica: 2020)

## Multitudes

*Por Pablo García Canga*

É un tren. A xanela dun tren. Está húmida. Se cadra empañada. Aí arriba vense as maletas. Máis embaixo, un home e unha muller. Detrás, dous rostros máis. Apenas os enxergamos. O home vai mirando algo que está á altura dos seus xeonllos. Podería estar a ler. Ou se cadra ten a ollada pedida. A muller ten a testa volta e mira cara a fóra. Cara ao andén. Se cadra ve alguén alí afora. Se cadra non ve a ninguén. Se cadra ve unha ausencia. Se cadra agarda que alguén chegue. Si, iso é, agarda alguén. Alguén que veña despedirse dela. Alguén que lle veña dicir unha última palabra. A vela e ser vista por derradeira vez. Agarda a alguén que non vai vir. Iso sentímolo desde o comezo. Podemos, se queremos, agardar con ela, pero este é un filme no que non suceden esas cousas. Os personaxes nunca chegan a tempo. As esperas son sempre en van. Ela sabe que vive nun mundo así, un mundo no que non paga a pena agardar, pero agora, neste momento, non quere sabelo. Hai días así. Días para agardar que a vida e o mundo non sexan como sempre foron. Días para ser xenerosa e darlle ao mundo a ocasión de enmendarse. Aínda que logo o mundo non saiba ver iso, esa xenerosidade. Aínda que, unha vez máis, non se enmende. Tanto ten. Hai días que importa dar ocasión para a milagre, aínda que esta non suceda. Se a milagre vén, que nos pille agardádoa, non sexa que veña e non a vexamos. Así que ela agarda. Óese a voz da megafonía. Óense os berros de última hora. Tamén as frases do home que acompaña a muller. Frases sobre frío e mantas. Frases. Tamén lle di á muller que non vai vir ninguén. Óese, ademais, o canto duns mozos uniformados que se cadra son estudantes. Óese sen cesar o seu canto. É a música da escena. É como outra película pasando ao carón. Unha película que non ten nada que ver. Unha película de mozos en excursión. Daquela decatámos de que neste filme sempre se oen cousas así. Músicas lonxanas. Músicas doutras vidas. Frases soltas que falan de cousas como o tempo que fai, atopar casa ou o sake derramado. Tamén están as campañas das portas, que sempre soan igual. Pase o que pase. Veña quen veña. Marche quen marche. Si, de súpeto sentimos que sempre hai iso: voces, frases, cantos, campañas. Son como contrapuntos. Son outras vidas que suceden. Outras vidas sendo vividas aí, ao carón desas vidas ás que nós acompañamos. Outras vidas que, vistas xunto ao drama son, ou parecen ser, do máis cotián. Soan como unha banalidade que existe en paralelo cos intres máis duros ou máis tristes dos personaxes. A miúdo pasa iso nos filmes: uns sofren e outros seguen a vivir ao seu carón sen saber nada deses sufrimento. É algo que non é raro nos filmes. É algo que miúdo temos visto. Antes desta espera no tren, antes deste canto e destas campañas, houbo outros intres nos que a dor rimaba coa nada e coa indiferenza. Houbo un nun salón de mahjong fumengante e ruído. Ouvimos a muller que agora está no tren berrar: “Tanako! Tanako!”. Berrábao desgarrada. Ese mesmo nome retomábao un dos xogadores de mahjong, engadindo unha rima parva. Aí sentimos como pode a veces doer unha rima.

Publicado en *Ozu. Multitudes*, Pablo García Canga (Athenaica: 2020)